

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 5 de outubro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de reforma da mellora da seguridade viaria na PO-308 (punto quilométrico 12+400 ao 15+400), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado (clave PO/13/102.06).*

Mediante Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 5 de febreiro de 2015 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción de reforma da mellora da seguridade viaria na PO-308 (p.q. 12+400 ao 15+400), de clave: PO/13/102.06.

Este proxecto ten por obxecto a xustificación e definición das obras que deben realizarse para a mellora da seguridade viaria na estrada PO-308, Pontevedra-A Lanzada, no treito comprendido entre o p.q. 12+400, no lugar da Granxa, ata unha aliñación recta que dá paso á travesía urbana do núcleo de Sanxenxo, á altura do p.q. 15+400.

As obras previstas prevén as seguintes actuacións:

- Renovación do firme, instalación de paneis direccionais, captafaros de calzada e substitución das barreiras metálicas en curva.
- Construción dunha glorieta no p.q. 13+760.
- Ampliación da plataforma para acondicionar a parada de bus existente.
- Construción dunha cuña de saída no p.q. 14+190, acondicionamento dun espazo para realizar cambios de sentido e habilitación dun carril central para realizar xiros á esquerda.
- Instalación de sumidoiros.
- Adecuación da sinalización vertical e horizontal.
- Reposición dos elementos de drenaxe e servizos afectados.



Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado da estrada.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo Provincial de Pontevedra (r/ Fernández Ladreda 43-1º 4º, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Sanxenxo (rúa Consistorio 4-6, 36960 Sanxenxo, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: eatfiza3-ude1-klm7-rm3-0jcnpkt2iio0



ANEXO  
**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**  
**Proxecto de construción**  
**Proxecto de reforma de mellora da seguridade viaria na PO-308**  
**(p.q. 12+400 ao 15+400). Clave: PO/13/102.06**

Concello de Sanxenxo

| Número predio | Referencia catastral | Propietario                                        | Tipo de terreo | Tipo de solo      | Área afectada (m <sup>2</sup> ) |
|---------------|----------------------|----------------------------------------------------|----------------|-------------------|---------------------------------|
| 1             | 7242608NG1974S0001MM | Ayude Cancela, Modesto                             | Urbano         | Solo sen edificar | 0,12                            |
| 2             | 7242607NG1974S0001FM | Leiro Portela, José Antonio e Poza Sueiro, Dolores | Urbano         | Residencial       | 1,54                            |
| 3             | 7343622NG1974S0001MM | Iglesias Durán, Luis (herdeiros de)                | Urbano         | Residencial       | 10,90                           |
| 4             | 7842843NG1974S0001YM | Sueiro Otero, Manuela (herdeiros de)               | Urbano         | Residencial       | 2,29                            |
| 5             | 7842814NG1974S0001PM | Mato Posse, José                                   | Urbano         | Solo sen edificar | 42,37                           |
| 6             | 7741401NG1974S0001XM | Urcola Fernández, Eulalia (herdeiros de)           | Urbano         | Residencial       | 30,71                           |

CVE-DOG: eatfiza3-ude1-klm7-rm3-0jcnpkt2iio0

